

Programa para o fomento de cidades sostibles e competitivas

Descrición	<p>O obxecto deste programa é o financiamento da execución de proxectos de especial transcendencia, baseados nas liñas estratéxicas temáticas seguintes: mellora de barrios, centros e cascos históricos, renovación de áreas funcionalmente obsoletas, renovación de áreas para a substitución de infravivenda, ecobarrios e zonas turísticas. Condicións dos proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Deberán circunscribirse a un único termo municipal• Conter a delimitación precisa da área de actuación, que terá carácter homoxéneo e continuidade xeográfica, coa descrición da situación urbanística e social da mesma.• Deberán xustificar a conveniencia da proposta de actuación.• Incluír unha memoria descritiva e de viabilidade técnica e económica da actuación.• Xuntar presuposto estimativo, desglosado por tipos de actuación.• Xuntar un calendario previsible de execución.
Beneficiarios	<p>As Administracións Públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietario, os consorcios e entes asociativos de xestión.</p>
Axuda	<p>Un máximo do 40% do custo subvencionable da actuación, sen superar os importes establecidos para cada caso, no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana.</p> <p>O custo subvencionable da actuación non poderá exceder dos prezos medios de mercado aplicables ao caso. Para tal efecto nos convenios de colaboración estableceranse criterios e límites para a consideración destes últimos.</p> <p>Esta axuda será incompatible coas axudas dos programas de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.</p> <p>As actuacións deberán executarse nun prazo máximo de 3 anos.</p>